



CURSO DE PERFECCIONAMIENTO TÉCNICO I EN ESPELEOLOXÍA

Curso de Formación
para persoas con
interese por
perfeccionar a técnica
na espeleoloxía



Federación
Galega de
Espeleoloxía

ege | escola galega
de espeleoloxía

CURSOS
2015 EXPELEOLOXÍA
DESCENSO DE CANÓNS

Obxectivos

O curso de perfeccionamento I pretende que o alumno amplíe os coñecementos que ten, que acade a autonomía nas súas exploracións e coñeza en detalle o material de progresión e instalación utilizado en espeleoloxía.

Entre outras cousas aprenderá a equipar instalacións de cavidades prestando especial atención á seguridade e a diferentes técnicas de autosocorro.

Destinatarios

Tódalas persoas maiores de 14 anos federados en espeleoloxía no ano en curso que teñan superado o curso de iniciación en espeleoloxía con un mínimo de 1 ano de antelación.

Prazas ofertadas

15 prazas por curso, por rigorosa orde de inscrición.
Para a realización do curso deberan cubrirse un mínimo de 8 prazas.

Prezo

100 Euros. A manutención e desprazamentos serán por conta do alumnado.

Horario

Sábado 24, de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.
Domingo 25, de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.
Sábado 7, de 09:00 a 22.00 horas.
Domingo 8, de 9:00 a 18.00 horas.

Data de realización

24 e 25 de Outubro
7 e 8 de Novembro

Modalidade de curso

Presencial, 40 h.

Profesorado

Miguel Caramés (director do curso).
Profesores titulados da Escola Galega de Espeleoloxía.

Inscrición

Solicitar o formulario de inscrición a escuela@espeleoloxia.org
Cubrir a inscrición, declaración xurada de capacidade física, autorización do/da titor/a no caso dos menores de idade, xustificante de ingreso bancario do curso, fotocopia da licenza ou certificado da solicitude.

Estes documentos remitiranse vía e-mail a escuela@espeleoloxia.org

Esta inscrición formalizarase ata 15 días antes do curso.

No caso de non participar no curso, a FGE reservarase o dereito de devolución do 80% do custe do curso, en aqueles casos que acrediten unha xustificación de forza maior por escrito.

Lugar de realización

Os días 24 e 25 de Outubro no Refuxio da FGE en Cobas (Ourense).
Os días 7 e 8 de Novembro no Refuxio “Peque Prol”, en Sotillos de Sabero (León).

Material persoal

Cada participante verá provisto de todo o material necesario para a pernocta (esteira, saco de durmir) así como roupa (tamén de recambio), toalla, chinelas, neceser, etc.
Mono exterior e interior, botas, casco con iluminación eléctrica, pilas ou baterías (tamén de reposto),luvas, equipo completo de progresión vertical para espeleoloxía, navalla, manta térmica, carrete de fío dental e iluminación de reposto, equipo persoal de instalación (saca con buril, maza e soprador), e equipo persoal de topografía (saca, libreta, brúxula, clinómetro, cinta métrica ou distanciómetro láser, lapis, goma e afialapis).
A Federación dispón de material básico para emprestar os participantes que o soliciten con 15 días de antelación á realización do curso.

Diploma outorgado

Diploma acreditativo de asistencia con aproveitamento ó Curso de Perfeccionamento Técnico I en Espeleoloxía.

Será necesario asistir o 90% do total do curso e aprobar todos e cada un dos módulos presentes no curso para obter o diploma.

*A ESCOLA GALEGA DE ESPELEOLOXÍA RESÉRVASE O DEREITO DE REALIZAR MODIFICACIÓNS, RECTIFICACIÓNS OU CANCELACIÓNS, SE FOSEN NECESARIAS.